

Revista CERNA, A.D.E.GA, Santiago, nº 24-25, primavera-verán de 1998, pp. 40-41, sección "A Natureza na Literatura"

## **O MAR DUN POETA DAS IRMANDADES: GONZALO LÓPEZ ABENTE (I)**

**Emílio Xosé Ínsua**

A figura de Gonzalo López Abente (Muxia, 1878-1963) está estreitamente vencellada na historia do noso país ás Irmandades da Fala (1916), entidade fundamental na loita polo idioma e no desenvolvemento do nacionalismo galego contemporáneo.

Como Pondal e como Cabanillas, os seus grandes mestres, López Abente tirou a miúdo inspiración para a súa obra literaria da natureza que o rodeaba, nomeadamente do mar e da agreste terra fisterrá na que pasou practicamente toda a súa vida. Sebastián Martínez Risco, afirmaba con exactitude ao prologar en 1971 unha edición de versos inéditos do poeta muxián: "*Na súa obra, a paisaxe, enxergada dun xeito simbolista e cósmico (...) é a verdadeira fonte de inspiración. E sobor de todo, o mar, co que il se identificou en termos de posesión chamándolle 'o meu mar'.*"

Estudante de Dereito nas aulas da Universidade santiaguesa, López Abente licéncia en 1900. Logo de participar activamente nas principais xeirias das Irmandades da Fala (Asemblea de Lugo en 1918; xornal "A Nosa Terra"; "Conservatorio Nazonal do Arte Gallego", etc.), acompañará a Risco na escisión que dá lugar, en 1922, ao nacemento da I.N.G. Activo colaborador de xornais e revistas como "Nós", o betanceiro "Rexurdimento", a bonaerense "Céltiga" e moitas outras, en marzo de 1926 ingresa no Seminario de Estudos Galegos. Dez anos despois, resulta eleito presidente dunha Asociación de Escritores de Galicia de vida forzosamente efímera, polo estourido da guerra civil.

Na posguerra, concretamente en 1941, López Abente toma pose dun asento na Academia Galega, cando as autoridades franquistas deciden revitalizar a institución e nomean presidente da mesma ao ex-alcalde coruñés Manuel Casás. A editorial Galaxia consegue traer de novo ao escritor muxián á presenza pública coa publicación do volume *Centileo nas ondas* (1958). En 1971 adicou-se-lle ao noso autor o Día das Letras Galegas e moi recentemente o tamén poeta Miro Villar preparou unha magnífica *Antoloxía poética* do noso escritor (Espiral Maior, 1995).

A obra poética do noso escritor está composta por un total de sete títulos. Catro corresponden ao período pré-bélico: *Escumas da ribeira* (Madrid, ¿1911?), *Alento da raza* (¿1918?), *Do outono* (Editorial Ronsel, Lugo, 1924) e *Nemancos* (Editorial Nós, Coruña, Volume XXVII, 1929). Outro libro poético é, xa na posguerra, o mentado *Centileo nas ondas* (1958). Postumamente apareceron dous novos volumes, os titulados *Decrúa* (1966) e *Monza de frores bravas para Nosa Señora da Barca* (1971). O contributo de Gonzalo López Abente ás nosas letras completa-se con varias novelas como *O deputado por Veiramarmar* (1919), *O novo xuez* (1922), *Buserana* (1925) e *Vaosilveiro* (1929). É tamén autor dunha única peza teatral, escrita para o cadro de declamación da Irmandade da Fala coruñesa, co título de *María Rosa*. Foi estreada en 1921 na Coruña e imprentouna máis tarde, en 1928, a editorial Nós.

Xa en *Escumas da ribeira*, o primeiro dos seus poemarios, fai López Abente abundante uso da temática, das imaxes e das metáforas de xinea mariñeira. As súas ilusións e esperanzas vitais de adolescente son comparadas no poema que abre o libro coas escumas do mar, que o vento barre inmisericorde:

*"Eran pombas de brancuras virxinaes  
as escumas da ribeira.  
Eran pombas que xurdían garimosas  
das azules augas quedas  
e, voando, iban pousarse paseniño, docemente,  
nos curutos dos penedos, ou bicaban as areas  
que, dos mares, escoitando están de cote*

*as parolas misteriosas da conversa,  
da conversa susurrante que resoa tremorosa  
cando, brandas, no seu seo se arrandean. (...)"*

O Vilán, O Cachelmo, a furna da Buserana e outros elementos paisaxísticos das terras natis do autor desfilan polos versos deste primeiro libro, no que ecoan poderosamente os símbolos e as cadéncias da poesía de Eduardo Pondal, como pode comprobar-se co seguinte exemplo:

*"Por antre os pinos, que altivos se erguen  
alá no monte, fungando van  
os ventos tristes da miña terra,  
os ventos tristes do vendaval.  
Os ventos tristes da terra miña,  
no seu linguaxe, ¿que lle dirán  
aos longos pinos que se randean  
quediñamente naquel pinar(...)"*

No poema "O Atardecer", pertencente tamén a *Escumas da ribeira*, López Abente expresa a súa identificación e preferéncia pola paisaxe agreste e ciclópea da Costa da Morte, cos seus penedos pardos e fortes e co seu "*monstruo azul que sin cesar se estrela*". Outras paisaxes máis liviáns e humanizadas son rexeitadas polo noso autor:

*"(...) Buscade vós as froles nas pradeiras  
e os ledos paxariños  
que cantan nos seus niños  
o eterno revivir das primaveiras,  
e deixádeme a min, cos meus desexos,  
dormindo no regazo dos xigantes  
que impávidos se envolven en brillantes  
raiolas, que o sol manda dende lexos"(...)*

Unha anécdota biográfica moi triste inspirará-lle o poema "Remorso". López Abente, que contrae matrimonio en 1909 coa súa curmá Balbina, fica viúvo cando apenas transcorrera un ano desde o casamento. Balbina é a "*doce pomba / pomba branca*". Tras a súa morte, di o poeta, "*anda un corvo negro, negro, / peteirando na miña alma*". O poema "Os paxaros" redunda neste sentimento de perda e desolación pola morte da compañeira. A contemplación na horta da casa duns paxaros rebuldeiros coa chegada da primavera torna-lle ao noso poeta máis evidente a súa soidade:

*"Vinos chegar unha mañán moi cedo  
á curtiña que está cabo da casa;  
chegano reloucando de alegría  
e debullando cántigas.  
Nas ponlas do meu verde limoeiro  
recolleron as alas  
e outra vez puíden ver o doce idilio  
do amor fecundo que xamáis acaba.  
Na tranquila mañán do Abril risoño,  
contemprando a parexa namorada,  
o recordo feliz dos meus amores  
ergueuse relucente na miña alma.  
¿É alegre ou triste remover no inverno  
as follas secas de ilusións pasadas?..  
Non sei decilo, pero renovando  
a ferida que levo nas entranas  
sinto o grande pracer da dor sufrida*

*pola muller amada.  
Despois, o voio ergueron os paxaros  
que no peito avivaron as lembranzas,  
e vinos alexarse  
ao través do cristal das miñas bágoas".*

Miro Villar ten sinalado como trazos básicos do seguinte libro de López Abente, *Alento da raza*, a forza expresiva que amosa, o dominio do verso alexandrino, o uso dun rexistro culto da lingua e, finalmente, a abundancia de referencias clasicistas que contén. A braveza do mar de Fisterra é un dos motivos repetidos nesta obra, en poemas como o titulado "Costa Brava", ao que pertence este fragmento:

*"(...) Coma o peteiro dun dragón fabuloso  
que racha o lombo dun titán poideroso,  
bruando fura, polo líquido verde,  
o cabo altivo que no abismo se perde;  
coma unha agulla, vai a punta de prata  
cravada ao monstro que os furores desata;  
vai a restinga, coma afiada serra,  
mordendo a pel do forte diós da guerra.  
Recúa o monte, de súpeto cortado  
a pique, coma guerreiro derrotado,  
ante o forzudo brazo de mar que avanza  
cego, tremando no pracer da venganza.  
No fondo abismo dá unha forte poutada  
que deixa ao monte coa entrana esnaquizada;  
¡furna terrible por onde a dor alenta  
co fragor da tormenta!(...)".*

De novo achamos unha palpábel débeda de López Abente coa estética pondaliana, pois os versos do muxián poboan-se de pinos montañeses que dan ao vento "*cantigas vagorosas, / bordadas con queixumes e lamentos nas tardes bretemosas*", de negros corvos, de feros toxos... O combate eterno do mar e a terra, das ondas contra os cons, é interpretado por López Abente en ocasións como o esporádico enfado de dous amantes inseparábeis:

*"Mar bravo, terra bravía,  
forte un, e outra máis forte;  
falades coa valentía  
dos que rin diante da morte.  
Se un se revolve antre escuma  
e nos penedos embiste,  
a outra erguida na bruma  
tranquila os pulos resiste.  
Calquera ao vervos coidara  
que sodes dous enemigos  
que rifades cara a cara,  
a morte e máis sin testigos.  
Pro, eu, que antre vós nacín,  
malia dos vosos enfados,  
de cote xuntos vos vin  
igoal que dous namorados;  
e moitas veces, pro moitas,  
ouvín nos vosos rumores  
en ves do fragor das loitas,  
brandas cantigas de amores (...)"*

Outras veces ese combate establece-se entre a propia natureza e o ser humano, como acontece no poema "O pesco". O mariñeiro, sorprendido en plena tormenta, loita contra o vento e as ondas na súa pequena lancha, baixo a atenta e ansiosa ollada dos seus familiares, amigos e veciños, que agardan na costa ou na praia o desenlace,

*"Hastra que nun tomo de furores cheo,  
que contra da orela veu a reventar;  
chegou a valente lancha pescadora  
e poido na area por fin acougar:  
De pe, na ribeira, o pesco barudo  
pra o seu anamigo vencido mirou,  
sacudeu a testa de salsa mollada,  
surrise sereo... e altivo marchou".*

(continuará).

Revista CERNA, ADEGA, Santiago, nº 26, inverno 1998-99, pp. 30-31, sección "A natureza na literatura"

### **O MAR DUN POETA DAS IRMANDADES: GONZALO LÓPEZ ABENTE (II)**

por **Emílio Xosé Ínsua**

López Abente, logo de publicar os dous libros que comentamos na anterior entrega de CERNA, *Escumas da ribeira* e *Alento da raza*, ía ver editado un novo poemario seu, titulado *D'Outono*, na colección "Céltiga" de Ferrol. Sen embargo, a editora impulsada por Ramón Villar Ponte, Xaime Quintanilla e Manuel Morgado quebrou xusto cando o libro do autor muxián entraba no prelo, de maneira que foi a luguesa "Ronsel", dirixida por Evaristo Correa Calderón, a que puxo finalmente na rúa o novo volume, en decembro de 1.924, con ilustracións de Álvaro Cebreiro.

*D'Outono* é un libro composto por sesenta sonetos de versos hendecasilabos. O xornalista Antón Villar Ponte recensionao ao pouco da súa aparición na revista coruñesa "Alfar" (nº 49, abril de 1.925), subliñando que entre os sonetos que o compoñen hai *"algunos insuperables en el aspecto formal y en lo nítido del pensamiento que los informa, dándose así íntimamente la mano el versificador y el poeta, todavía muy aferrado a la sensibilidad ochocentista"*.

A poesía do volume *D'Outono* é, certamente, moito máis persoal e intimista que a que aparece en obras anteriores do noso autor, se exceptuamos algúns poemas como o titulado "Na Costa Brava", onde López Abente volta sobre o seu querido tema paisaxístico da loita do mar coa terra. A alma do poeta presentase-nos neste libro como un *"campo devastado"*, unha *"vereda pedregullenta ao correr d'unha gándara infinita"*, un *"probe xardín"* azoutado polos vendavais do remorso e asaltado polas *"silveiras de aguillóns firentes"*, en fin, como un niño poboado de bichocos. Até a atormentada alma do noso protagonista chegou

*"a pouta treizoeira  
do triste outono fungador, i-as chaves  
na outura despechou da neboeira;  
i-entrando no meu peito as negras aves  
arrincaron a rosa derradeira".*

Os propios poemas que compoñen o libro son aludidos no soneto que o fecha como *"feixe de froles outonais / que puíden apañar polas campías, / cando menguando sen cesar os días / fuxen diante dos ventos invernales"*. López Abente non pode ser máis explícito sobre o seu estado anímico e vital

cando escribe *"na miña i-alma reina xa o outono"*.

Unicamente a flor do arrepentimento, regada con *"báguas de tormento"*, introduce unha raiola de esperanza no espírito do poeta, que sente o sopro de Deus na sua frente sentado no alto dun facho, ollando a inmensidade do mar, ali *"onde non chega o trafogar da xente"*. Algun para nós opaco acontecemento biográfico converte a maioría destes sonetos nunha sorte de purga ou desafogo constante, cun ton negativo, desenganado. A envexa é-nos presentada como unha cóbrega vil que se arrastra pola campia da amizade confiada. A vida das vilas e cidades, buliciosa en exceso, é posta en contraste coa paz e acougo da aldea, moi ao xeito horacián do *"beatus ille..."*. O corpo sensual dunha muller espida *"arrescendente rosa, / botón de fror; ensoño feiticeiro"*, resulta agochar para o poeta *"a miseria da carne corrompida"*. Sonetos como *"Albre caído"* ou, aínda máis, o titulado *"O carballo"*, que a seguir reproducimos, resumen perfectamente este estado anímico predominante nos versos do libro:

*"El está sóo na gándara; está sóo  
o carballo baril, serio e altivo,  
ergueito n-aquel chan triste i-esquivo  
cal se quixer ao ceu rubir nun voo.  
Despido de follax garda o seu dóo  
no seréo abandón inespresivo  
dos heroes derrotados. Está vivo  
porque é nobre, valente, forte e bóo.  
Eu tamén sóo, vivindo no abandono,  
sin follas xa no derradeiro gallo,  
que arrincándome foi o duro outono,  
suprico a Deus poidel-o meu traballo  
sofrir calado, nun finxido sono,  
co-a dina maxestá d'este carballo".*

López Abente destila, ao mesmo tempo, unha visión panteísta, telúrica, en bastantes poemas deste *D'Outono*. Así, o bosco configura-se como un espazo máxico que esixe respecto (*"entrade caladiños no recinto"*), as árbores que o poboan son *"sacerdotes misteriosos do culto universal xamáis estinto"* e o poeta é quen de sentir por toda a parte *"a maxestade augusta del Señor"*. A Natureza enteira é un templo e a vida trunfa por toda a parte:

*"nos abismos do mar, na refulxente  
onda escumosa, nas rexións xiadas  
dos polos, nas areas abrasadas  
que acougan quedas no deserto ardente;  
no pardo lombo do penedo inxente  
e nas testas dos fachos, coroadas  
coa nítida brancura das nevadas".*

Este namoro cara á paisaxe leva ao poeta a desexar unha fusión panteísta coa terra despois da morte, anseio expresado no poema *"Na Brétema"*:

*"Perdel-a forma e a unidá que encerra  
o meu corpo mortal, e, libertado,  
antre o ensoño, vivir arrandeado  
na brétema sutil da miña terra".*

En *Nemancos* (1.929), a derradeira obra poética que López Abente publica antes do estourido bélico do 36, achamos unha poesía na que é constante a presenza do mar e das paisaxes costeiras da terra natal do autor. Destaca no conxunto o soneto titulado *"Muxia"*, no que Abente describe con aceso arroubo a sua vila natal:

*"Brandamente deitada no medio da ribeira  
e ollando cara o ceo, acouga silenciosa  
a branca e melancónica e doce compañeira  
dos outos penedás da brava costa nosa.*

*Tecelana d'ensoños, fabrica na almohada  
as randas milenarias dos albos areales  
que treman milagreiros, na mañán encalmada,  
nos refrexos azús dos mariños cristales.*

*E nos días de inverno, cando a fera tormenta  
desatada en furores enrabexada alenta,  
envolta no mantelo de vaporosa bruma*

*satisfeita sorríe e soña adormecida  
no leito mol e morno que a iauga remexida  
ofrécelle con tombos e folerpas de escuma."*

A Terra de Nemancos, co Cabo Touriñán, o Cabo da Grixá, o Vilán, a Buitra, a Arnela e outros moitos lugares de impresionante magnificéncia, aparece retratada nestes poemas de López Abente, coincidindo plenamente unha vez máis co seu admirado Eduardo Pondal, como un territorio selvaxe e virxe, de natureza indómita, fremosamente áspero, mediante a constante alusión aos seus elementos máis característicos: a longa gándara, os carballos tortos, as toxeias cativas, os piñeiros maxestuosos, a brétema e o frío invernaís, os negros e feros corvos, os ventos dos vendavais, o frío nordés, o bruar cercano do mar, as furnas temerosas, os rexos cantís... De entre todos eles é o propio mar o que recibe a maior atención poética:

*"(...) O mar!  
O meu mar!  
O mar que eu vexo  
nestes días de inverno,  
gris, abalante,  
inquedo, forte e rexo,  
a cólera a roubar do fondo averno  
e a bater nas orelas, escumante  
de rabia e furore, nun épico loitar!(...)"*

Sen embargo, tampouco fallan neste libro os poemas de corte máis lírico e persoal, poemas que repeten, no básico, as mesmas reflexións e o mesmo ton desencantado que víamos en *D'Outono*. Os pensamentos do poeta son así *"inquietas anduriñas"* que nunca descansan e a *"estrelíña que vexo pol-as noites / palpebrear no fondo azur do ceo"* fai-se confidente do *"segredo fatal da miña vida"*, *"este remorso crú que levo dentro"*. O recordo da compañeira amada reaparece tamén aquí. No poema "Fixen unha fogueira" López Abente poetiza a queima real das cartas que conservaba do seu noivado, para evitar que un día fose profanada a súa lembranza: *"Fixen unha fogueira / c'os papéis perfumados, / pro os recordos amados / da miña compañeira / no peito están gardados"*. A perspectiva da morte que se achega liga-se agora a un desexo fortísimo de pasar o resto dos días en estreito contacto coa terra natal. No poema "Retorno" un López Abente canso, vencido polos pesimismo, reclama o agarimo final da súa amada terra:

*"(...) Quero volver de novo a vivir na paisaxe  
de duros penedás e cabos tromentosos;  
antre os santos terróns da nativa paraxe  
que desexo recollan os meus cansados ósos;  
preto da antiga igrexa, preto da crara fonte,*

*xunta do cemiterio en que acougan os meus,  
e baixo do cruceiro que está entiba do monte  
senalando nos ceos o camiño de Deus.  
Quero vivir convosco, meus currunchos amados,  
quero vivir con vosco e con vosco morrer;  
quero que me quezades dos meus fríos pasados  
e, na vosa compañía, quero amar e creer".*

Hai nalguns dos poemas deste *Nemancos* unha innegábel influencia da estética "hilozoísta", de personificación dos elementos da paisaxe, que tan en boga estivo na poesía galega dos anos 20, representada por figuras como Amado Carballo, Blanco Amor ou Xúlio Sigüenza, entre moitos outros. Vexan-se senón metáforas presentes no poema "A Laberca" como estas: "*O azur roupaxe da serenidade / téndese inmóbil no encalmado ar. / A face da celeste inmensidade / beixa a súa imaxe no cristal do mar*"., ou os versos do poema "Noitiña", que describen plasticamente o pór do sol:

*"(...) O louro cadaleito  
fúndese no ocidente,  
e comenza a soar,  
funerario e doente,  
o responso do mar (...)"*

(vai continuar)

Revista CERNA, ADEGA, Santiago, nº 27, primavera de 1998, pp. 30-31, sección "A Natureza na Literatura"

## **O MAR DUN POETA DAS IRMANDADES: GONZALO LÓPEZ ABENTE (III)**

por **Emílio Xosé Ínsua**

Gonzalo López Abente comezara a súa traxectoria poética mediante colaboracións, tanto en galego como en español, en diversas publicacións periódicas de principios de século como a *Revista Gallega* de Galo Salinas (con poemas como "Un velatorio n-unha aldea", "A romería da Barca", "Soneto" ou "O inverno de corazón", en 1900 e 1901); a revista *Santiago* (poema "A mi amada", de 1902); o xornal *El Eco de Mugía* (poema "Mugía", de 1903); a revista *Coruña Moderna* (con poemas como "¡Madre mía!", "No monte Corpiño", "Invernía", "Redención", "O atardecer" e "A miña y-alma", de 1906 e 1907); etc.

Os seus libros *Escumas da ribeira*, *Alento da Raza*, *Do Outono* e *Nemancos*, así como a súa participación nas Irmandades da Fala, foran-lle conferindo un posto destacado no panorama literario e cultural do primeiro cuartel do século XX, período no que non cesou de colaborar, antes do estoupido da guerra civil, en numerosas publicacións periódicas. Acolleron versos seus a revista *Estudios gallegos*, que dirixía en Madrid Aurélio Ribalta (poema "A palilleira", en 1915); a revista *Nerio* de Corcubión (con poemas como "Camiño da terra" ou "A Muxía", en 1921); o xornal bonaerense *Heraldo Gallego* (poema "As campanas", en 1923); os xornais galaico-cubanos *Heraldo de Galicia* e *Eco de Galicia* (poema "O Heroe", en 1920); os boletíns das Irmandades ou da I.N.G. *A Nosa Terra*, *Rexurdimento* e *Terra*; as revistas *Nós* e *Ronsel*; a bonaerense *Céltiga* (con poemas como "Os penedos bermellos", "O vello mariñeiro", "Volvoreta de lus", "Alem", "O Santo Cristo de Fisterre", de 1927 a 1931); etc., etc. Xunto a Victoriano Taibo, o noso escritor muxián recibiu no tempo das Irmandades a consideración de digno continuador do estro poético de Ramón Cabanillas, figura a do cambadés absolutamente canonizada (en termos literarios obviamente) nesa época.

A posguerra impuxo ás nosas letras un prolongado silencio, do que López Abente, como tantos outros, foi

igualmente vítima. Houbo que agardar a finais da década dos 50 para encontrarmos, fóra de esporádicas colaboracións en revistas como *Vida Gallega* ou a boanerense *Lar*, unha nova entrega poética do escritor muxián. Trata-se do libro titulado *Centileos nas ondas* (Ed. Galáxia, Colección Trasalba, nº 2, 1.958), con ilustracións de Xohán Ledo.

A pesar do tempo transcorrido e das reviravoltas padecidas polo autor e polo propio país, resulta este *Centileos*... un volume claramente "continuísta", quer dicer, que redunda na mesma temática e na mesma ambientación mareira que marcara poderosamente os volumes pre-bélicos, coa paisaxe da Costa da Morte convertida, máis unha vez, en protagonista esencial. Nas "Verbas limiares" que Sebastián Martínez-Risco, daquela presidente da Academia, coloca no novo volume refere-se a el como "*un fermoso retrato lírico do mar*", ao tempo que sinala moi atinadamente:

*"o mar que resoa nistas páxinas, como no seo dun irisado caramuxo, non é un mar suxerido ou aludido, senón cinguido ó corazón do poeta por unha longa amizade: coñecido e amado. Dahí que goste de cantalo como esceario dos seus sentimentos (...) O mar que neles latexa, rítmico e podencioso, non é somentes colo de saudades, nin o fero e baril oucéano, nin o mar da poesía "abstracta", valeiro de cór, cheiro e sabor... Sin deixar de ser berce de dóres, grandeiro e inxente, vivace e veraz, é, sobor de todo, fonte de belidos símbolos".*

No poema inicial, que dá título ao propio volume, López Abente compéndia metaforicamente o sentido do seu traballo: non fixo senón roubar-lle á natureza mareira (as ondas, os cons e rochedos, os cabos, as ardentias, a escuma...) unha "*labarada de anceios e de arelas / a arder na seca gándara da i-alma*".

Segue predominando aquí, efectivamente, un ton desencantado, pesaroso e mesmo torturado ("O meu pecado") que xa marcara, como vimos, algúns dos poemários pré-bélicos. "Invernia", "noite", "outono" ou "solpór" son os ambientes predominantes nos poemas e o escritor ve-se a si mesmo como unha ínsua senlleira que "*escisma, debruzada / no mar; tolas ideas*". As lembranzas agradábeis resultan como "*raiolíñas de abril*" no duro e constante inverno da vida, de maneira que na fecunda roseira dos anos, dinos o poeta, "*somentes a cotío frorecen desenganos*". Vida e maré latexan a idéntico ritmo "*e como as ondas do mar / chegan as desditas mouras*". Metaforizando-se en navio, o eu poético de Gonzalo gostaría de se refuxiar "*no morno abrigo da Arnela, / encalmada, recollida, como unha nena sinxela / entre o roquedo dormida*", mais en realidade, navega predominantemente inmerso nun inmisericorde temporal no que o vento dá de proa e ameaza con romper-lle as velas e arrincar-lle o leme á embarcación. O espírito do poeta, como un bergantín desarborado, orfo na inmensidade e a navegar sen rumbo "*perdido na indiferenza / asoballante do mar*", deriva na amargura para perguntar-se:

*"Qué praia, bergantín desarborado,  
canso de navegar,  
collerá teu cadavre abandonado  
a son de vento e mar?"*

Estas sensacións de derrota, renúncia e abandono acadarán o seu intre climático en poemas como "Non voltarei" e "Ao pór do sol". Os pecados, aflicións e espantos, sinala o poeta, son "*compañeiros fatídicos do meu pelengrinaxe*" por un camiño de amarguras e desesperanza, que só a crenza relixiosa vai poder, sequer en parte, aliviar:

*"Pero no meio do negror da vida  
corusca o lostregueo de unha arela,  
e unha rosa de amor nace escondida  
na homildade souril de unha capela.  
Aquí o pelengrino achou descanso  
e un niño de agarimo doce e mol;  
aquí do meu vivir, a este relanso*



*sosegado cheguéi ao pór do sol".*

Noutros poemas de *Centileos...*, como os titulados "O navío esperado" ou "As velliñas", López Abente personifica a través de figuras femininas (nomeadamente a da vella solteira que agarda aínda, contra toda evidencia, o regreso do seu amor mariñeiro) as ansias vitais non colmadas, as ilusións definitivamente perdidas, a pasaxe do tempo, os ensoños xamais cumpridos. Ben é certo que tamén a lira festiva de López Abente fai a súa oferta en *Centileos...*, con poemas como "Camiño da Romería" ou "Festa" ("*a gaitiña grileira xa non pode / tanto riso aguantar dentro do fol*"). Tamén o seu gosto pola paisaxe local aflora nos versos de "Furna da Rechinola", "¡Pobre domingos de Deus!", "Polo areal de Lourido" ou "Monte do Vilán". No longo romance "O almiral" conta o poeta muxián a historia dun paisano de Touriñán chamado Cristobo, que vestiu no día de festa a roupa dun almirante inglés (achada nunha maleta procedente dun naufraxio) e acabou preso. Outras veces, así e todo, será a épica real da vida dos mariñeiros, coa súa dureza e co seu implacábel tributo de vidas, a que mova a pluma do noso autor, con poemas como "A traxedia" ou "Náufragos":

*"Baten as vagas de mar nas orelas  
contra o roquedo barudo i ergueito  
e nos algarves das bravas arnelas  
roxé a madeira dun barco desfeito"*

Ecoan, por último, en *Centileos...*, con enorme forza, os xeitos e ares dalgunhas correntes estéticas vangardistas da pré-guerra, como o neotrobadorismo e o hilozoísmo. Entre as metáforas que inzan os poemas achamos a do mar posto de xionllos fronte a un cruceiro, a da noite vestida de capa negra e sombras, a da hóstia do sol-pór consagrando-se no líquido mantel do altar mareiro, a do luceiro que afoga nas ondas por non saber nadar, a da noite que afunde as súas mans na cabeleira revolta do mar, a da nube ferida por un raio de sol, etc.

(vai continuar)

Revista CERNA, ADEGA, Santiago, nº 28, inverno de 1999, p. 30, sección "A natureza na literatura"

## **O MAR DUN POETA DAS IRMANDADES: GONZALO LÓPEZ ABENTE (e IV)**

por **Emílio Xosé Ínsua**

As "Edicións Muxía" de Buenos Aires, dirixidas por Horacio Bermúdez Abente (curmao do noso protagonista) e máis por Arturo Cuadrado (que nos deixou para sempre hai ben pouco tempo), publicaron en 1966 un novo libro de poemas de Gonzalo López Abente, titulado *Decrúa*.

Este volume, xa póstumo, de carácter misceláneo e de calidade inferior, en conxunto, aos libros publicados polo noso autor en vida, está dividido en catro partes, tituladas respectivamente "Decrúa", "Cantigas", "Desacocho" e "Recobrados".

López Abente amosa-se-nos aquí, máis unha vez, como un entusiasta seguidor dos recursos da escola amadorcarbballista e como un poeta de aguda sensibilidade cara á paisaxe. Poemas como o titulado "Decrúa" constrúen-se, precisamente, a base de xustapoñer imaxes hilozoístas: "*andan chorando os loceiros / extraviados no caos*"; "*as chorimas amarelas, / homildosiñas de seu / van, belidas e sinxelas, / ascendendo cara o ceu*"; etc.

"Desterrado" é un dos poemas máis consistentes do volume, pola actitude que Gonzalo expresa (se ben personificada na figura dun desterrado) ante a perspectiva da morte inminente. Esa actitude está moi próxima á expresada pola Rosalía de "Airiños, aires" e de certos poemas existencialistas de *Follas Novas*, se deixamos á parte o consolo relixioso que o muxián semella experimentar, ausente na nosa cantora nacional:

*"- Teño de morrer, levaim  
onde amei e fun amado.  
Chove e venta, e os camiños  
están enzarrapicados;  
laia a noite, aterecida  
na friaxe dos chubascos;  
no seo dos arboredos  
ecoan voces de espanto.  
Pero o aneiro, fírente  
como un coitelo afiado,  
esgaza e fura no peito  
do doente desterrado:  
- Teño de morrer, levaim  
onde amei e fun amado.  
Olla no fondo da ialma  
o curruncho en que foi nado  
ofrecendo doce acougo  
no lator do seu regazo;  
unha igrexa pequeneira  
un homilde camposanto  
e o rogo que marmulea  
a corrente dun regato  
- Teño de morrer, levaim  
onde amei e fun amado".*

O poema "No rueiro", pola súa banda, constitúe un canto elexíaco sobre a aldea abandonada. Antecipa toda unha corrente poética dos nosos días, cultivada especialmente, entre outros, por Uxío Novoneira ou Emilio Araújo. Trata-se dunha poesía que bota un sentido ollar poético sobre un mundo demograficamente aguniante, amiazado gravemente e culturalmente roto:

*"Pendurado na encosta,  
entre toxos e xestas,  
o probe lugariño montesío  
ollando ao céu caladamente prega.  
Os sinos xa non tanxen,  
ficou mudo o clochel da homilde igrexa;  
sóio se ón os queixumes dos piñeiros  
que aló enriba abanean.  
Pasou o negro agoiro  
e a pauliña caeu encol da aldea.  
Ninguén mora nas chouzas. No rueiro  
toman o sol tres vellas  
e o silencio, pedáneo da parroquia,  
atura o peso do deber e axexa  
para que a pas deste lugar tranquiío  
endexamais se perda".*

Hai tamén versos en *Decrúa* adicados á desaparición de determinados elementos naturais emblemáticos, como un vello piñeiro de Corcubiión, abatido polo vento, ou cantos á orgullosa beleza dun humilde carballo cerqueiro, corcovado e retorcido no meio da gándara. O poema "Mar de desditas", pola súa banda, insiste na metaforización dos problemas da vida mediante a figura do náufrago, que *"bracexea a nadar por antre as vagas, / nun mar estomballante de desditas"*.

*Monza de frores bravas para Nosa Señora da Barca*, publicado pola Académia Galega en 1971, co gallo do Día das Letras, está composto por un breve mangado de poemas (quince, en total) que López Abente enviara en 1960 ao seu amigo o presidente da entidade Sebastián Martínez-Risco.

A ambientación mareira, tan habitual na poesía do noso autor, aparece agora vencellada a unha temática relixiosa. López Abente poetiza, efectivamente, a devoción á Nosa Señora da Barca por parte das xentes do mar, que se encomendan a ela nos naufráxios, fan ofrendas para que os protexa nas travesías e cumpren cos ritos de "avalara a pedra" e pasar por baixo da "Vela" para curar o mal dos cadris.

Hai aínda nestes versos (ao noso ver, de calidade inferior ao resto da obra do escritor muxián) ecos claramente hilozoístas, como no poema "Ave María", ao que pertence o seguinte fragmento co que remataremos esta humilde achega á poesía lópez-abentiana que viñemos facendo nas páxinas de CERNA:

*"O sol, no lenzo azul, dá a derradeira  
pincelada de ensoño, e a pregar  
cai de xoellos, devoto, na fogueira  
onde se beixan o alto ceu e o mar.  
Escomenzan nos cabos torturados  
os esgrevios candieiros a locir;  
e das somas da noite os mergullados  
luceros escomenzan a sortir.  
Érguense os rexos cons arrodeando  
a albeira ermida, virxinal mansión,  
e o vento, por entre eles, espallando  
vai rumores de mística orazón (...)"*